

Daniela, a pirata

Todos somos diferentes e únicos pero Daniela dende pequena tiña un soño, ser a capitá dun barco pirata. Pero diso hai moito tempo, agora ela xa ten 18 anos e xa pode ser a pirata dun barco chamado O Galeón Pirata.

-Ola capitá, son Daniela, gustárame ser parte da súa tripulación.

-Paréceme moi ben, pero terás que axudarnos co mapa do tesouro de Salceda, unha das illas máis perigosas deste mar. Hai que atravesar tres illas e ningunha das cales será doado de facelo. Coa nosa tripulación lograremos chegar.

Despois dunha charla era momento de coñecer os seus compañeiros. Os que a axudarían a atopar o tesouro eran tres trixemelgos que se chamaban Tam, Tem e Tom. A súa aventura non será doada, pero coa axuda da tripulación mais ela descubrirán traidores, mentiras...

Quen saberá o que poderán descubrir no Galeón Pirata!

Irene Iglesias Gómez 1ºB.